

Á XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

COMUNICACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA COALICIÓN ELECTORAL “CANDIDATURAS VECIÑAIS” PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALGA DO DÍA 28 DE MAIO DE 2023

Os abaixo asinantes, en nome e representación das formacións políticas que a continuación se relacionan:

1. PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA DIRECTA

D. RAMÓN MOURIÑO ALFONSO, maior de idade, provisto de DNI 35.461.513-K, na súa condición de Responsable de Organización e representante legal do partido político “**PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA DIRECTA**” (PDDdG en siglas), con CIF

2. ANOVA – IRMANDADE NACIONALISTA

D. ANTÓN SÁNCHEZ GARCÍA, maior de idade, provisto de DNI 34.895.945-T, na súa condición de Portavoz Nacional e representante legal do partido político “**ANOVA – IRMANDADE NACIONALISTA**” (AINA, en siglas), con CIF

ESTABLECEN UN PACTO DE COALICIÓN para concorrer conxuntamente ás eleccións locais do municipio de VALGA, eleccións convocadas por medio do Real

Decreto 207/2023, de 3 de abril, a celebrar o 28 de maio de 2023, baixo a denominación de **“CANDIDATURAS VECIÑAIS”** (CC.VV. en siglas), baixo o logotipo que se contén no Anexo.

Esta coalición rexerese polas Normas que seguidamente se expoñen e nas que figura o nomeamento e aceptación do Representante Xeral da Coalición, **JUAN ÁNGEL ANCA PENA**, provisto de _____, con enderezo en Avenida do Areal 44, 15621 CABANAS (A CORUÑA), como titular da súa dirección e coordinación, conforme ao disposto na vixente Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (en diante, LOREX).

En Valga, a 14 de abril de 2023.

ANEXO

NORMAS DA COALICIÓN ELECTORAL “CANDIDATURAS VECIÑAIS” PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 28 DE MAIO DE 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **RAMÓN MOURIÑO ALFONSO**, en nome e representación de **PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA DIRECTA**.

Doutra parte, **ANTÓN SÁNCHEZ GARCÍA**, en nome e representación de **ANOVA – IRMANDADE NACIONALISTA**.

Recoñécense mutua e recíproca capacidade bastante para actuar e obrigarse no presente documento e, na respectiva representación que ostentan e acreditan por medio das certificacións dos acordos acadados polos respectivos órganos de goberno de cada unha das formacións comparecentes, as cales se xuntan ao presente documento, FAN CONSTAR

Que de conformidade co disposto na vixente Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (en diante, LOREX), acordaron constituír unha Coalición Electoral denominada **CANDIDATURAS VECIÑAIS** para concorrer ás vindeiras eleccións municipais no ámbito territorial do concello de Valga, a celebrar o vindeiro día 28 de maio de 2023, a cal está suxeita ás seguintes

NORMAS

PRIMEIRA.- O nome da Coalición será CANDIDATURAS VECIÑAIS e as súas siglas CC.VV. Concorrerá ás eleccións locais do concello de Valga baixo a denominación de “**VALGA VIVA**”. O seu logotipo será o que se amosa a continuación:



SEGUNDA.- O enderezo da Coalición será o do seu

TERCEIRA.- A Coalición poderá designar como membros da candidatura tanto a persoas que teñan a condición de afiliadas aos partidos políticos asinantes deste acordo de coalición, como a persoas que carezan de tal condición. Respecto destas últimas poderase facer constar na candidatura a súa condición de independentes.

CUARTA.- En cumprimento do disposto nos artigos 219 e 226 da vixente LOREX, noméase **Representante Xeral da Coalición a JUAN ÁNGEL ANCA PENA**, provisto de _____, con enderezo en _____ (A CORUÑA), teléfono _____ e correo electrónico _____

Así mesmo, noméase **Representante da Candidatura perante a Xunta Electoral Provincial de Pontevedra e a Xunta Electoral de Zona de Caldas de Reis a MANUEL MAGARIÑOS TRASANDE**, provisto de DNI _____ enderezo en _____ teléfono _____ e correo electrónico _____ .

QUINTA.- O presente pacto de coalición manterá a súa vixencia ata a convocatoria das eleccións municipais do ano 2027.

SEXTA.- En canto á xestión económica da Coalición, acórdase que as cotas de participación das organizacións políticas asinantes serán as seguintes:

- Participación Democrática Directa: 90%
- Anova – Irmandade Nacionalista: 10%

Nomearase pola persoa Representante Xeral, coas facultades e obrigas establecidas na LOREX, un administrador Xeral da Coalición, que dará Conta á Comisión de Seguimento regulada no apartado seguinte tantas veces sexa requirido para iso.

Noméase **Administrador Xeral a JUAN ÁNGEL ANCA PENA**, con datos persoais e de contacto referenciados anteriormente.

SÉTIMA.- Constituirase unha Comisión de Seguimento para velar polos obxectivos da Coalición durante o período pre-electoral e cuxa actuación se estenderá tamén despois da celebración das eleccións ata a convocatoria das Eleccións Locais de 2027.

Estará composta por unha persoa pertencente a cada unha das organizacións políticas que conforman esta Coalición, é dicir, por un total de 2 persoas, que serán nomeadas polos órganos competentes das organizacións políticas participantes.

A Comisión de Seguimento coordinará as actuacións da Coalición, tanto respecto dos partidos políticos que a compoñen, como da súa candidatura, sen prexuízo das competencias dos órganos estatutarios dos partidos integrantes.

O Representante Xeral da Coalición deberá dar conta da súa actuación a dita Comisión de Seguimento tantas veces sexa requirida para iso.

OITAVA.- O presente pacto de coalición entrará en vigor a partir da súa sinatura, o cal presentárase coa comunicación da constitución da Coalición perante a Xunta Electoral Provincial de Pontevedra.

E en proba de conformidade, asinan o presente pacto de coalición e a un só efecto en Valga na data sinalada ao comezo deste escrito.

RAMÓN MOURIÑO ALFONSO

ANTÓN SÁNCHEZ GARCÍA

En virtude da representación que se me confire como Representante Xeral da Coalición na cláusula cuarta, **acepto** o meu nomeamento para todos os efectos previstos na vixente LOREX:

Representante Xeral da Coalición